

AVISO

LUÍS MENOR PÉREZ, ALCALDE DO PEREIRO DE AGUIAR (OURENSE), FAI SABER QUE:

O Concello do Pereiro de Aguiar **REINICIA O USO DOS SEGUINTE LOCALS MUNICIPAIS A PARTIR DO 10-02-2022**

- **PARQUE ELISEO FERNÁNDEZ (LOÑOÁ)**
- **LOCAL MUNICIPAL URBANIZACIÓN TAPADA DE BOUZAS**
- **LOCAL MUNICIPAL URBANIZACIÓN MONTERREI**
- **LOCAL MUNICIPAL POLIVALENTE MELIAS**

NORMAS DA APERTURA COMÚNS A TODOS:

Debido á situación actual marcada pola COVID-19, a apertura destes espazos estará sempre condicionada ás recomendacións sanitarias vixentes no momento da solicitude.

O Concello PRIORIZA EN TODO MOMENTO a seguridade dos usuarios/as, polo que para poder solicitar e usar os locais establece a seguinte normativa:

- **Soamente se atenderán as solicitudes de Asociacións (veciñais, culturais, deportivas, etc.) inscritas no Pereiro de Aguiar e de persoas maiores de idade empadroadas no Concello do Pereiro de Aguiar.**

- **FORMA DE SOLICITAR OS LOCALS:**

Para solicitalos **será necesario presentar unha solicitude por escrito no Rexistro Xeral do Concello do Pereiro de Aguiar** a través dos medios establecidos:

- o **Presencial** nas dependencias das oficinas municipais do Concello do Pereiro de Aguiar ou doutros rexistros oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma ou Entidades locais, que contén co Sistema Integrado de Rexistro.
 - o **Electrónico** a través da sede electrónica do concello: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>
 - o **Por correo postal**, remitindo ademais da solicitude copia do DNI (**NON SE ADMITIRÁN CORREOS ELECTRÓNICOS, NIN MENSAXES DE WHATSAPP, NIN RESERVAS TELEFÓNICAS**).
- Na solicitude, dirixida ao Concello, incluíranse os datos persoais e de contacto do solicitante, e deberá indicarse o local de que se trata, a data solicitada, o número de persoas participantes e o fin do uso para o que se solicita, **non estarán permitidas actividades con ánimo de lucro.**
 - Co fin de poder garantir a desinfección dos locais **unicamente se dará unha autorización por semana que permitirá o uso a un único grupo un so día do fin de semana (ou venres, ou sábado ou domingo), o criterio de admisión será o da orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello.** No caso de algún festivo durante a semana, e sempre que os servizos municipais podan garantir a súa desinfección, valorarase a posibilidade de outro día de uso.
 - As asociacións ou persoas solicitantes, unha vez se lles comunique a concesión do permiso, **asinarán unha declaración responsable que se lles facilitará**, comprometéndose a cumprir a normativa COVID-19 vixente no momento da solicitude e de respectar e manter o bo estado da instalación deixando os locais limpos e recollidos tal e como se lles entregan, sendo os responsables de calquera incumprimento da Lei ou dano material, unha vez asinada **daráselles a autorización asinada e deberán recoller e entregar as chaves da instalacións nas oficinas de alcaldía na Casa do Concello.**

NORMAS PARTICULARES DE CADA LOCAL

PARQUE ELISEO FERNÁNDEZ (LOÑOÁ): Asociacións inscritas no Concello do Pereiro de Aguiar e persoas empadroados/as no Concello do Pereiro de Aguiar maiores de idade.

LOCAL URBANIZACIÓN TAPADA DE BOUZAS: Veciños e veciñas da Urbanización de Tapada de Bouzas, empadroados no Concello maiores de idade.

LOCAL URBANIZACIÓN MONTERREI. Veciños e veciñas da Urbanización de Monterrei, empadroados no Concello maiores de idade.

LOCAL MELIAS POLIVALENTE. Veciños e veciñas da Parroquia de Melias, empadroados no Concello maiores de idade.

Agradecemos de antemán a colaboración de todos os veciños e veciñas para tomar as precaucións precisas para preservar a saúde pública.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

